

RELATORIO SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA MANIFESTACIÓN CELEBRADA EN PONTEVEDRA O 29 DE DECEMBRO DE 2012

ANTECEDENTES

EsCuLCA (**Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades**) ven constatando con preocupación as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978. Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade governativa que dan unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983. Así, ditáronse acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fora de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente.

Son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos anos ao amparo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

É neste contexto que ESCuLCA, en exercicio das súas finalidades Estatutarias, decide emprender un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao dereito constitucional que plasma unha das formas de participación directa da cidadanía no exercicio da acción política. Neste mesmo contexto, e con o propósito de documentar as irregularidades que eventualmente viñeren a producirse para poder dar conta delas, EsCuLCA decide elaborar en cada caso un relatorio que recolla todas as incidencias observadas directamente e, sendo o caso, incorporar en apéndice aqueloutras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia. Estes relatorios son enviados posteriormente á Delegación do Goberno en Galiza, aos portavoces dos tres grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, á oficina do *Defensor del Pueblo* así como a organismos e observatorios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e medios de comunicación social.

OBSERVACIÓN DIRECTA

Convoca: Siareir@s Galeg@s

No cadro da xornada festiva que este colectivo celebra anualmente, ten lugar en Pontevedra unha manifestación previa ao partido de fútbol entre as seleccións nacionais de Galiza e o Curdistán no campo da Xunqueira.

A manifestación comeza as 19.18 horas do día 29 de decembro de 2012, na Praza da Ferreiria, coa presenza aproximada dunhas duasetentas cincuenta persoas.

Debe destacar que os convocantes contan cun servizo de orde propio, identificado por brazais de cor amarela, que acompaña a manifestación polos laterais da mesma e ao longo de toda a súa extensión.

Non se detecta a presenza de forzas de seguridade en funcións de orde público ou seguridade cidadá no percorrido da manifestación, Só se observan patrullas da Policía Local (PL) de Pontevedra nas interseccións coas rúas das que poderían acceder vehículos ao percorrido, asumindo funcións de seguridade viaria. Un vehículo da PL pecha a manifestación coas mesmas finalidades de seguridade na circulación de vehículos.

Tamén se detecta a presenza dunha patrulla da PL na rotonda de acceso ao polideportivo municipal, vial polo que decorre a marcha, e unha furgoneta da PL nos accesos ao estadio da Xunqueira en que se desenvolve o evento deportivo.

Sen incidente algún, a manifestación remata no estadio da Xunqueira aproximadamente as 20.20 horas.

CONCLUSIÓN

Do punto de vista da normalización cívica do exercicio do dereito fundamental de reunión e manifestación, o noso Observatorio quere subliñar a absoluta normalidade, sen incidencia algunha, no decurso da manifestación que atravesou o casco vello de Pontevedra en horas e datas de especial confluencia de veciños da cidade, sen que fose preciso outro dispositivo que a presenza puntual de axentes da policía local para ordenación do tráfico.

E doado concluir que non é a presenza desproporcionada de forzas policiais , nomeadamente das UIP , a que garante a normalidade do exercicio do dereito de manifestación e a súa coexistencia cos dereitos de cidadáns e cidadás non participantes no acto, senón a vontade pacífica dos exercentes do dereito de se manifestar. De feito, para o noso Observatorio, a manifestación do día 29 de decembro permite afirmar que a finalidade real dos operativos policiais que a maior parte das veces acompañan as manifestacións no noso país está afastada da función simbólica invocada pola

autoridade governativa, isto é: o mantemento da orde pública e a garantía dos dereitos dos non-manifestantes. A normalidade con que un número moi considerábel de persoas percoreron o centro de Pontevedra en datas e horas de elevada concurrencia sen precisaren de presenza policial levan o noso Observatorio a afirmar que a presenza policial cumpre unha función real de criminalización do dereito de manifestación e de desmotivación do seu exercicio.

Polo que concluímos como RECOMENDACION interesar da autoridade governativa especial medida no deseño dos operativos policiais de custodia do dereito de manifestación, evitando a presenza de UIPs afora nos casos en que houber DATOS FUNDADOS de alteración grave da seguridade cidadá (artigo 16 LO 1/92 , de protección da seguridade cidadá) , o que , amais de constituir unha medida proporcionada para garantir un exercicio do dereito de manifestación sen cortapisas, tería un beneficioso efecto na xestión orzamentaria das unidades policiais.

Galiza, 1º de xaneiro 2013.

Contacto:

<http://www.esculca.net/> esculca@esculca.net

680 952 809